
QUE TAL ESTÁS?

Texto e ilustracións de ANTHONY BROWNE

Tradución de SILVIA PÉREZ TATO

Encadernado en cartón. 22 x 27 cm. 32 páx. 14 €.

Que tal estás? (galego)

ISBN 978-84-8464-723-2. Tras os montes.

¿Cómo te sientes? (castelán)

ISBN 978-84-92608-08-9. Libros para Soñar.

Com estàs? (catalán)

ISBN 978-84-15170-20-4. Kalandraka-Hipòtesi.

Nola sentitzen zara? (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-716-2. Kalandraka-Pamiela.

Como te sientes? (portugués)

ISBN 978-989-8205-79-7. Livros para Sonhar.

Que tal estás?

Ben, ás veces estou aburrido... e ás veces síntome só.


Ás veces estou moi contento... e outras veces estou triste.

Con este libro, os máis pequenos aprenderán a expresar como se senten, a través de imaxes e palabras sinxelas: aburridos, contentos, tristes...

Ten un texto breve que se complementa á perfección cunhas ilustracións nas que destacan a expresión e a actitude do personaxe, aderezadas con elementos cotiás de *atrezzo* -xoguetes, pinturas, libros...- que reforzan cada concepto coa súa correspondente descrición visual.

Anthony Browne lévanos ao mundo das emocións infantís, xoga coas cores, cos tamaños, coas tipografías: figuras que minguan ou agrandan; trazos ondulantes; palabras maiúsculas, minúsculas ou cursivas, diferentes en función da súa carga emotiva.

“Que tal estás?” é un libro para pre-lectores e primeiros lectores, un libro de autoconñecemento e de socialización.



■ **Temática:** sentimentos e emocións.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** educación emocional; expresión dos estados de ánimo; xogos cromáticos, tipográficos; interacción cos lectores; humor; do autor e ilustrador de “No bosque”, “Sacapenas” e “O libro dos porcos”.

Anthony Browne

(Sheffield, Inglaterra, 1946)

Graduado no Leeds College of Art, especializouse en deseño gráfico. O seu afán perfeccionista pola representación da figura humana provén da influencia dos seus primeiros traballos como debuxante de temas médicos nun hospital de Manchester. A súa adicación á ilustración infantil corresponde a unha etapa posterior, como deseñador de tarxetas de felicitación. O seu estilo revela un interese polos pintores surrealistas, as escenas oníricas e a introdución de elementos estranhos nas ilustracións. Entre os galardóns que recibiu ao longo da súa traxectoria destacan a Medalla Kate Greenaway, o premio Kurt Maschler e a Medalla Children's Laureate 2009. Pero por riba de todos, figura o Premio Hans Christian Andersen no ano 2000 polo conxunto da súa obra. É un dos autores ingleses de máis prestixio pola súa contribución ao desenvolvemento de novas formas de ler, ver e relacionarse coa linguaxe plástica. Así o demostran títulos como “No bosque”, “Sacapenas” ou “O libro dos porcos”, editados por KALANDRAKA. O seu traballo crea un universo cheo de referencias culturais e artísticas, pistas visuais e claves que valoran a intelixencia do lector para completar e interpretar o texto, independentemente da súa idade.

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com
